

Recomendación dirixida ao Concello de Santiago de Compostela debido aos ruídos e molestias de dous establecementos

Expedientes: C.6.Q/570 a
575/18

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

Sr. alcalde:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia dos escritos de [REDACTED] e 5 persoas mais referente aos ruídos e molestias de dous establecementos.

ANTECEDENTES

1. No seu escrito indícanos que na planta baixa do inmovible nº 21 da Praza Cervantes de Santiago está establecido o negocio que rexe co nome de GRAMOLA, e na Praza da Rúa San Paio de Antealtares o negocio de similar actividade baixo o rótulo de O PARAISO, estando situados un ao costado do outro, sendo ambos propiedade de [REDACTED]. Os negocios, polo que consta, non teñen licenza para ser explotados como pubs, carecendo de sistemas de insonorización, etc., senón ao parecer como simples cafés-bares. Desde hai anos veñen denunciando os abusos na súa explotación, pero os problemas non só non se resolveron, senón todo o contrario, agraváronse.

En ambos continúanse celebrando impunemente e de forma sistemática actuacións musicais en directo tanto no interior dos locais como mesmo no exterior, que se inician a partir das 24 horas e prolónganse ata as 5 horas da madrugada, causando ruídos enxordecedores, estrondos musicais propios do público que os rexenta, especialmente no local chamado O Paraiso, sinalan. Iso ocasiona aos moradores das vivendas próximas, como é o caso dos denunciante, enormes molestias e prexuízos consistentes en non poder reconciliar o sono, o que provoca insomnios, consumos de somníferos, perigos de depresións e de asistencia médicas, que “os denunciante non están dispostos a seguir soportando”.

No Gramola, durante todas as épocas do ano, poñen a funcionar con aparellos musicais enxordecedores, acotío e tamén a altas horas das noites, música que se propaga por

altofalantes que provocan rúidos enxordecedores á veciñanza que lles causa as ditas molestias.

Consta que a veciñanza denuncia sistematicamente tales abusos á policía, que aínda que faga acto de presenza e solucione momentaneamente o problema, repítese constantemente.

Nos locais o titular pon en funcionamento unha bomba para mobilizar as augas fecais do soto ata as partes superiores, que igualmente causa un enxordecedor ruído e molestia que tampouco cesa, o que converte en inexplorable a zona inferior, por razóns evidentes.

Estes feitos foron denunciados con anterioridade ata o punto de que o Concello de Santiago viuse compelido a tramitar expedientes sancionadores de peche de local e cesamento de actividade. Acordouse por resolución de 26-9-16 (achegan copia). Tamén se tramitou expediente por parte do Valedor do Pobo.

O denunciado segue explotando os locais destinados ao que comunmente se denomina pub sen dispoñer de licenzas oportunas para facelo. Disfraza a súa aparencia coma de simples bares, o que conculca as normas legais vixentes. Os denunciantes non están dispostos a seguir tolerando, ao causarlles os prexuizos e molestias consecuentes, sinalan, polo que “se lle advirte a esa administración que, se non se toman medidas urxentes ao respectos, consistentes no peche de tales actividades, os denunciantes veranse precisados a acudir sen máis miramentos, ao auxilio xudicial, por así proceder en xustiza”. Solicitan medidas correctoras tendentes a corrixir e a eliminar as molestias.

2. Ante iso requirimos información a ese concello, que nola remitiu. Nela sinálase o seguinte:

“... a carga da proba das molestias corresponde á Administración que tramita o expediente. Por esa razón este Concello ten contratada unha empresa que realizará medicións do nivel de ruído recibido nas vivencias e, a eses efectos, está en contacto cos denunciantes.

Por outra banda, no prazo de alegacións concedido á sociedade responsable do funcionamento do local denominado "PARAÍSO PERDIDO" situado na rúa San Paio de Antealtares nº 3, ...; ten presentado un escrito manifestando que están á espera de que se lle autorice a realizar unha medición sonométrica á empresa homologada do nivel de recepción nas vivencias.

Recentemente remitiuse un escrito aos denunciantes, poñendo no seu coñecemento esta circunstancia e sinalando que "considerando que esa medición realizárase en presenza da

policía e un técnico municipal, solicítase de [REDACTED]

[REDACTED] que no prazo de DEZ DÍAS (10) notifiquen a este Concello día e hora (en horario de 09:00 a 14:00 horas) no que permitirán o acceso á empresa (sic) para realizar medición sonométrica que, con ruído rosa xerado no local, determine o seu nivel de illamento ao valorar o ruído recibido nas vivendas denunciadas.

A medición de illamento é independente da medición de ruído real que realizará o Concello sen previo aviso”.

Por outra banda, remitiuse ao titular da licenza e responsable do café bar "A GRAMOLA", o decreto de inicio dun período de información previa para determinar e probar os feitos denunciados no que se lle sinala que "o local conta con licenza de café bar, non está habilitado para celebrar concertos en directo, o que se lle advirte expresamente a efectos de responsabilidade na tramitación de expedientes sancionadores". Requiriuse a presentación de certificación de empresa homologada no que conste o nivel de illamento acústico de ámbolos dous locais”.

ANÁLISE

1. O informe sinala que unha empresa realizará medicións de ruídos nas vivendas e está en contacto cos denunciados. Diso poden derivarse algunhas medidas adecuadas. Porén, non se aclara que se fixera a actuación reclamada, a comprobación do funcionamento dos locais como pubs, en contra do previsto nas súas licenzas, e a aplicación das medidas que correspondan.

2. O concello debería comprobar e no seu caso requirir aos titulares dos locais que axusten a súa actividade á licenza concedida, de sinxelo café, bar ou similar. Con carácter previo á análise das inmisións ilegais de ruídos debe abordar o funcionamento dos locais da forma irregular denunciada.

Se os establecementos teñen licenza de sinxelo café-bar, non de pub, pero funcionan con música a alto volume, non ambiental ou baixo, como se denuncia, incumpren o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia (Decreto 292/2004), que prevé os locais que funcionan con música e *a sensu contrario* indica os que non poden tela.

A comprobación destas circunstancias non require facer medicións, senón unha sinxela inspección para saber o tipo de funcionamento dos establecementos. Se funcionan como

pubs debería levantar actas de infracción, tramitar expedientes sancionadores e adoptar as medidas cautelares que impidan que funcionen dese xeito.

O control preventivo (a licenza) e continuado (inspeccións) protexe o interese público, facendo compatibles a actividade, por unha parte, e a evitación das molestias desproporcionadas. Coa tramitación do control non termina o labor do ente local; ábrese unha relación continuada no curso da cal a administración local terá por función garantir en todo momento o interese público, principalmente o dos veciños inmediatos, o que, segundo reiterada xurisprudencia, constitúe unha condición implícita do control das actividades.

Unha das condicións que deben cumprir os locais autorizados é o axuste ao tipo de licenza concedida, de tal modo que as súas actividades non excedan dos parámetros manexados á hora de concederlles as licencias de funcionamento.

O anterior criterio trasladouse noutras ocasións ante supostos similares e é acorde co legalmente previsto e coa xurisprudencia da materia.

3. Despois de impedir que os locais funcionen como pubs e obrigar a que se axusten aos seus requisitos pode ser preciso facer tamén comprobacións sonométricas. O ente local non aclara que fixera a labor previa de garantía, como tampouco aporta medicións ordinarias, isto é, de comprobación das posibles infraccións cando se denuncian mediante chamada dos afectados.

As medicións son necesarias para comprobar e sancionar as infraccións por ruídos, que causan evidente menoscabo no dereito fundamental á inviolabilidade do domicilio e á intimidade persoal e familiar (art. 18. 1 e 2 CE) e noutros dereitos constitucionais, e para disuadir aos responsables de seguir facéndoo.

Deben facerse no intre en que os afectados avisan aos axentes, que acudirían de forma discreta -se non o fan dese xeito non poderán comprobar a suposta infracción- e cantas veces sexa preciso ata facer valer o efecto disuasorio das consecuencias legais previstas para infraccións que adoitan repetirse noite tras noite, convertendo a situación dos afectados, no caso de confirmarse, nunha conculcación habitual dos seus dereitos. O control programado pode verse afectado por numerosos medios de fraude; pode ser útil a algúns efectos, pero non exclúe as comprobacións das inmisións nocturnas que se denuncien.

O concello anuncia que realizará medicións de ruído sen previo aviso; porén, debe ter en conta que debe facelas cando reciba as chamadas de denuncia, posto que é nese momento cando pode comprobar as eventuais infraccións.

4. O concello non indica as medidas adoptadas nos expedientes que se citan na queixa. Segue sen coñecerse o seu resultado aos efectos que tratamos.

5. Os feitos denunciados poden ser infraccións administrativas, polo que deben ser tratados como tales para que produzan o efecto disuasorio propio das sancións.

6. No relativo aos concertos nos locais, xa tivemos ocasión de trasladar ao concello que so poden celebrarse en locais expresamente habilitados para iso nas súas licenzas, o que non é o caso dos locais obxecto da queixa, e que o concello non é competente para excepciónar esa circunstancia mediante autorización.

Os concertos se celebran en sinxelos bares. Para a celebración destes espectáculos en locais non habilitados é preciso unha licenza específica e restritiva -os locais non están preparados para iso-, que outorga o órgano competente da Administración Autonómica.

7. Os concertos que se celebran no exterior transmiten o ruído sen ningún tipo de protección e pola noite, co que é lóxico que os afectados denunciaren que se vulneran os seus dereitos (intimidade, domicilio, saúde, medio ambiente adecuado, calidade de vida ...). É obvio que exceden con moito os niveis permitidos na normativa de ruídos para o horario nocturno.

Os concertos exteriores deben ser excepcionais e con condicións estritas. A lei do ruído prevé a suspensión temporal do cumprimento dos obxectivos de calidade acústica, pero coas condicións adecuadas. Porén, non se coñece nin a causa excepcional que a motivaría nin a necesaria avaliación acústica do autorizado. Ademais, a suspensión debe resolverse expresamente, por motivos excepcionais (por exemplo, nos espectáculos organizados con motivo das festas), e sempre coas limitacións que fagan que as molestias resulten proporcionais e o menos gravosas posibles para os cidadáns.

Ademais, debería aclararse se son promovidos e responsabilidade dos locais, como se denuncia.

8. O Concello de Santiago de Compostela segue sen aclarar as actuacións para impedir e corrixir (sancionar) as irregularidades denunciadas, en especial o funcionamento dos locais sen axustarse a licenza de café-bar e os concertos.

9. As persoas que promoveron a queixa están demandando a preservación duns intereses especialmente protexidos na Constitución Española, que ampara os dereitos á intimidade persoal e familiar (art. 18.1), á inviolabilidade do domicilio (art. 18.2), e o dereito a gozar dun medio ambiente adecuado e á protección e mellora da calidade de vida (art. 45.1 e 2). Como

consecuencia das citadas disposicións constitucionais, os poderes públicos teñen a obrigaón principal de protexer os dereitos mencionados, segundo o establecido no artigo 53 do Texto Fundamental. Da información dispoñible dedúcese que o Concello de Santiago de Compostela non adoptou as medidas ao seu alcance para protexer os dereitos constitucionais citados.

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considérase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese Concello de Santiago de Compostela a seguinte recomendación:

Que con urxencia se impida e corrixa o funcionamento como pubs (con música amplificada como elemento principal) dos dous locais obxecto da queixa, con licenza de sinxelo café ou bares; que con urxencia se comprobén as inmisións denunciadas polos reclamantes mediante medicións non programadas; que con urxencia se corrixa a celebración de concertos nos locais non habilitados; que con urxencia se corrixa a celebración de concertos na rúa; e que con carácter xeral se protexan adecuadamente os dereitos fundamentais e doutra natureza conculcados pola situación pola que se reclama.

Agradecendo de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, recordámoslle a necesidade de que no prazo de un mes de conta a esta institución da aceptación da recomendación formulada, no seu caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén no seu caso.

En aplicación do principio de transparencia a partir da semana seguinte a data na que ditou esta resolución incluírase na páxina web da institución.

Saúdoo atentamente.

Milagros M^a Otero Parga
Valedora do Pobo